



DIRECTRICES DE FORMACIÓN DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO

Orzamento: Ano 2022

Expediente Nº: 195/142.

Asunto: Directrices das Liñas Fundamentais do Orzamento.

Data de creación do expediente: 30 de xuño de 2021.

Data límite para a súa remisión ao Ministerio de Facenda: 14/09/2021.

Dirixido a: Director Superior Contable e Orzamentario.

Por Resolución da Alcaldía-Presidencia da data 30 de xuño de 2021, en virtude do Decreto de delegación de competencias do 18 e 26 de xuño de 2019, texto consolidado do 4 de setembro do 2020, ao obxecto de dar cumprimento ao disposto no artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, se encargou a formación das directrices en relación ao expediente de aprobación das Liñas Fundamentais do Orzamento para o ano 2022.

As liñas fundamentais conforman un marco xeral do orzamento do ano 2022, non supoñen a confección do orzamento, senón que se está a establecer unhas bases sobre as que con posterioridade, se formará o orzamento, polo que as porcentaxes de variación do orzamento, que serán moi aproximadas as das liñas, poden experimentar algunha variación, aínda que as distintas masas que conforman os recursos e empregos correntes non financeiros, os de capital non financeiro ou os financeiros, no seu conxunto non terán variacións significativas, salvo que se asine algún convenio de colaboración con outras administracións con posterioridade e se incorpore ao proxecto do orzamento do ano 2022, ou entre en vigor algunha norma que afecte aos recursos e supoña unha variación cuantitativa dos mesmos.

Consideracións xerais

O Orzamento e as liñas fundamentais deben ter en conta os obxectivos das regras fiscais de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e o límite de débeda.

O artigo 15 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira relativo ao establecemento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública para o conxunto de Administracións Públicas, sinala no seu apartado primeiro que corresponde ao Goberno da Nación dentro dos seis primeiros meses do ano a fixación dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública referidos a o tres exercicios seguintes, tanto para o conxunto de Administracións Públicas como para cada un dos seus subsectores.

Así mesmo, o apartado segundo establece que para a fixación do obxectivo de estabilidade orzamentaria terase en conta a regra de gasto reflectida no artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade financeira, a cal será a referencia a ter en conta pola Administración Central e cada unha das Comunidades Autónomas e Corporacións Locais na elaboración dos seus orzamentos, que marca a evolución do gasto.





CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente 195/143

Os devanditos obxectivos estarán expresados en termos porcentuais do Produto Interior Bruto nacional nominal.

Aos efectos previstos no parágrafo anterior, antes do 1 de abril de cada ano o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas remitirá as respectivas propostas de obxectivos ao Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas e á Comisión Nacional de Administración Local, que deberán emitir os seus informes nun prazo máximo de 15 días a contar desde a data de recepción das propostas na Secretaría Xeral do Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas e na secretaria da Comisión Nacional de Administración Local.

A esta data, non hai proposta, tampouco acordo algún sobre os obxectivos, polo tanto, as directrices de formación das liñas fundamentais, non tomarán valor algún sobre os mesmos, aínda que sempre, dando cumprimento ao equilibrio orzamentario que está vixente en aplicación do previsto no artigo 165 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, de tal forma que o orzamento xeral atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade, e ao principio de responsabilidade fiscal ao que se refire o artigo 8 da LOEOSF que no está suspendido, nin o resto da normativa hacendística, ao marxe de que a Comisión e o Consello Europeo, acorden manter en suspenso o Pacto de Estabilidade e Crecemento e activa a cláusula xeral de escape ou salvagarda ou calquera outra medida.

A maior dificultade reside no límite da evolución ou non do gasto non financeiro, por descoñecerse cal vai ser a base de cálculo para a súa proxección ao ano 2022, que ao noso criterio debería referirse á liquidación do ano 2019, por estar os anos 2020-2021 en suspenso o PEC e as regras fiscais.

É probable, que até o mes de setembro non haxa un posicionamento da Comisión Europea en canto aos obxectivos, que en síntese, só poden ter tres alternativas: i), seguir cos regras fiscais suspendidas, mantendo activa a cláusula de salvagarda, ii), activar o PEC, pero cunha maior discrecionalidade nas regras fiscais, que sería como telas suspendidas, iii), unha reforma dos umbrais que estaban vixentes nos tempos precovid, 60% de débeda sobre o PIB e o 3% de déficit, ambos umbrais son hoxe un quimera de imposible cumprimento, polo que, parece a priori, a opción menos probable.

No escenario que se expón para o próximo exercicio 2022, salvo que se produzan cambios nas previsións actuais, producirase a reactivación das regras fiscais, sendo necesario, tal e como indicou por parte do Ministerio de Facenda, que a liquidación de 2022 cumpra tanto a regra de gasto como o obxectivo de estabilidade orzamentaria e de débeda pública, sempre nos termos que se fixen, que en ningún caso serán os obxectivos precovid.

No devandito escenario, o límite de gasto non financeiro para 2022, xunto co orzamento, haberá de ser coherente e compatible co cumprimento, tanto da regra de gasto como do obxectivo de estabilidade orzamentaria na liquidación do citado exercicio 2022.

Consecuencia do anterior, se no período de formación das liñas fundamentais se producen acordos en relación co anterior, procederase a facer as adaptacións para dar cumprimento aos devanditos acordos.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/09/2021 11:54

Páxina 2 de 12

Expediente 195/143

CSV: 2E8DAF-A64B8C-21ADC9-D6JG6F-T5PJ2D-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente 195/143

A actual situación dificulta fixar a esta data as liñas fundamentais do Orzamento do ano 2022, cando se descoñece a evolución das retribucións do persoal que presta os servizos no sector público.

Tampouco se ten información sobre a Cesión de Tributos e o Fondo Complementario de financiamento.

Tampouco se ten coñecemento sobre os proxectos que financiará o Plan de recuperación, transformación e resiliencia(PRTR). A este respecto, vaise a ter en conta os proxectos redactados que van a ser obxecto de solicitude, que xa foron relacionados nas expresións de interese e que terán que dar a información as áreas que están tramitando estes fondos. A esta data, non se ten información, polo que, non se vai a considerar ningún proxecto do PRTR.

En todo caso, ao ter que remitir a información ao Ministerio de Facenda antes do día 15 de setembro ás 24 horas, hai que establecer previsións, que como se deixa constancia, están sometidas a incertezas, aínda que se van a establecer en réxime de cumprimento, tomando como base a liquidación do ano 2019, sendo este o último ano no que estivo vixente o PEC.

DO ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO 1 (Gastos de Persoal).

As previsións estimativas sobre a evolución da variación do Índice de Prezos ao Consumo (IPC) para o ano 2021, son bastantes dispares, oscilando entre 0,6% e o 1,5%. En consecuencia, vai a manterse a variación das retribucións do persoal ao servizo do sector público cun crecemento do 0,9% respecto das vixentes a 31 de decembro do ano 2021.

Esta actualización só será aplicable aos seguintes conceptos: 120, 121, agás a 9200.1210300, 130, 143 e aos axustes nas bases de cotización da SS.

A aplicación 9200.1210300, manterá a mesma dotación.

A aplicación 9200.1430001 que reflicte a dotación para as relacións laborais indefinidas, conterà a contía necesaria para facer fronte ao gasto de todo o exercicio orzamentario coa actualización do 0,9%.

A aplicación orzamentaria 9200.1400000, terá un crédito en todo momento que de cobertura a totalidade dos contratos vixentes, a súa orzamentación inicial será adecuada aos contratos vixentes a 1 de xaneiro do ano 2022, e manterá como máximo a dotación inicial contida no Orzamento inicial do ano 2021.

Coa finalidade de ir axustando orzamentariamente os custos de produtividade e gratificacións e a súa dotación, considérase necesario que para os colectivos da Policía Local e Bombeiros, dótese un crédito inicial en ambos conceptos nos dous programas orzamentarios. Este criterio permitirá coñecer orzamentariamente cal é o gasto real do capítulo 1 destes colectivos, ademais de facer unha imputación real do gasto ao programa orzamentario que corresponda.

Tendo en conta que de resultar aprobado o estudo que está a execución, a Nocturnidade e Festividade da PL, xa vai estar incluída no CE, quedan por imputar e por iso hai que dotar unha partida cun saldo inicial por eses dous conceptos que suman en termos de ano completo 200.0000 euros, polo que, para a PL, inicialmente sería:





CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente 195/143

1320.1500000, para dispoñibilidades dos 3 primeiros meses: 260.000 euros.

1320.1510000, gratificacións por servizos especiais (eventos ou servizos especiais): 50.000 euros.

O colectivo de Bombeiros, a produtividade ten menor contía, inicial 10.000 euros, as gratificacións, máis menos ao ano 750.000 euros (reforzos e nocturnidade festividade), as previsións serán:

1360.1500000, produtividade, 10.000 euros

1360.1510000, gratificacións por horas e outros, 4 meses 180.000 euros.

Resto.

9200.1500000, produtividade resto servizos, 150.000 euros.

9200.1510000, gratificacións resto servizos, 150.000 euros.

A suma global é de 400.000 en cada concepto.

O suplemento dos conceptos de produtividade e gratificacións nos colectivos de PL e SEIS, terá que realizarse con cargo a diminucións das súas aplicacións do capítulo 1.

A dotación que reflecta o capítulo ten que posibilitar facer fronte aos gastos totais da plantilla vixente, que inclúe ao persoal funcionario de carreira, interino, persoal laboral fixo, indefinido, laboral temporal así como o persoal eventual.

Estarán dotadas as prazas ao marxe de que estean incluídas ou non en algunha Oferta de Emprego Público.

Tendo en conta o perímetro de consolidación, as liñas fundamentais serán de aplicación ao Concello, ao Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundación Convention Bureau e á Fundación MARCO.

O límite deste capítulo será o previsto para o ano 2021 coa actualización do 0,9% nos conceptos que se reflecten.

De resultar que a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022, contemplase unha actualización distinta, as retribucións variarán en función do que estableza a Lei, en máis ou en menos. Se a variación fose maior, esta se aplicará con cargo ás dotacións das prazas vacantes na respectivas bolsas de vinculación.

Este capítulo terá incorporadas todas as modificación producidas e aprobadas no transcurso do ano 2021 que afectarán os programas de gasto.

Ademais, unha vez formada a contía, axustada cos acordos adoptados en relación coas variacións funcionais, non será obxecto de novos axustes até a entrada en vigor do Orzamento no ano 2022, en caso contrario, o orzamento funcional non se axustará aos acordos adoptados.

A Área de Recursos Humanos e Formación, terá en conta na formación dos custes do capítulo 1, as directrices asinadas por esta Concellaría e remitidas para a avaliación das previsións do ano 2022.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/09/2021 11:54

Páxina 4 de 12

Expediente 195/143

CSV: 2E8DAF-A64B8C-21ADC9-D6JG6F-T5PJ2D-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente 195/143

CAPÍTULO 2 (Gastos en bens correntes e servizos).

Neste capítulo prodúcese unha variación á alza como consecuencia da entrada en vigor do novo contrato de xestión integral e valorización dos residuos sólidos urbanos a partires do 1 de abril de 2022, aínda que o impacto orzamentario só vai a repercutir en tres trimestres.

O de mantemento de xardíns e parques infantís a partires do mes marzo do ano 2021 que ten o seu efecto íntegro no ano 2022, ademais do incremento que suporá a entrada en vigor do mantemento de novas zonas como a Gran Vía, o novo espazo Vialía, etc, a estimación de gasto que se prevé incrementar polos axustes de anualidade e pola entrada de novas zonas de mantemento, deberase prever un custe adicional no lote I de 330.603 euros e de 65.125 euros no lote II.

O contrato do SAF con maior nº de horas de prestación a un custe hora superior co actual, aínda que, sendo a oferta un 7,20% inferior (17,99 euros/hora de licitación, prezo adxudicación, 16,69 euros/hora), prezo do contrato segundo o número de horas aprobado pola Xunta de Galicia 429.626 horas, 7.172.485,77 euros, prezo segundo criterio de manter o prezo de licitación aínda coa baixa do custe hora, 7.729.830,99 euros.

No ano 2021, tívose en conta o prezo hora polo número de horas.

Para o ano 2022, tense en conta o prezo de licitación, polo que o incremento por este contrato é de 557.345,22 euros. Avaliado o custe medio dos primeiros 6 meses do ano 2021, este é de 600.760,50 euros/mes de media, que si se proxecta ao ano, o custe é de 7.209.125,94 euros, o que supón que haxa que dotar máis de 520 mil de euros adicionais, que so poden ser aplicados a esta finalidade, ao estar parte do prezo do contrato con un ingreso afectado, polo tanto, se non hai horas de prestación tampouco hai ingresos.

Novas licitación dos contratos de Escolas infantís, así como os axustes en aquelas prestacións que están suxeitas á variación de algún índice (PIB, Convenios laborais, etc). A súa dotación, deberá incluír a totalidade dos contratos vixentes así como os que están en tramite, tendo en conta as revisións de prezos previstas na Lei do contrato.

Escolas artísticas: Teatro, que incrementa o seu prezo, pasando dos 92.240,84 euros aos 102.626,05 euros.

EIM de Navia cun custe de 166.260 euros, pasa a 272.250 euros/ano, Costeira Saiáns, 269.060 euros, Teis, que pasa de 175.989 euros a 273.000 euros, Bembrive, que pasa de 200.000 euros, dotación do ano 2021 a 280.352 euros.

O incremento do custe servizos educativos das EIM, supera os 300.000 euros.

En Relación coa Área de Seguridade e Mobilidade, hai que ter en conta o novo contrato de renting dos vehículos da Policía Local, o contrato de subministro dos chalecos e o contrato de mantemento dos vehículos escaleira do SEIS.

Deberase incorporar unha aplicación para facer fronte aos gastos de facilidade de depósito para o último cuadrimestre do ano, equivalente ao 0,25% do saldo medio previsto para o período.

O incremento esperado desde capítulo non superará o 1,3% en relación coa dotación do ano anterior.





CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente 195/143

Hai que ter en conta que a variación que se está a fixar en relación ao ano 2021, é sobre os créditos iniciais, non sobre a liquidación prevista.

Así mesmo, o conxunto dos empregos non financeiros deberá estar dentro das posibilidades/estimacións do que se acorde en relación coa Taxa de Referencia de crecemento do Produto Interior Bruto da Economía Española a medio prazo (TRCPIB). Sen prexuízo do expresado nas consideracións xerais destas directrices, para o ano 2022, non hai cuantificación destas variables, as dúas posibilidades son: i) mantense activada a cláusula xeral de escape pola que se mantén en suspenso o Pacto de Estabilidade e Crecemento, ou ii), hai acordo sobre a variación da TRCPIB, que de ser o caso, non se espera que sexa inferior ao 2%.

Non está previsto a incorporación de novos servizos, polo que, a variación cuantitativa está relacionada coa mellora na intensidade e calidade na prestación dos servizos vixentes.

CAPÍTULO 3 (Gastos financeiros).

Os gastos financeiros reflectidos neste capítulo refírense ás consignacións de pagos de intereses de demora, execución de avais e outras garantías.

Non hai que facer dotación algunha xa que o Concello non ten débeda financeira, polo que non hai devengo de xuros por préstamos.

CAPÍTULO 4 (Transferencias e Subvencións Correntes).

A base para as dotacións son as que figuran no PES e aquelas que están fora do seu ámbito. As variacións que se produzan en relación co PES, deberán ser publicadas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas (SNPSAP) como o sitio web de publicación dos plans estratéxicos de subvencións e as súas actualizacións.

As transferencias correntes comprenden os créditos por achegas do Concello sen contraprestación dos axentes receptores con destino a operacións correntes, engadindo, entre outras, as transferencias de financiamento ás Fundacións, Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Mancomunidade de Municipios da Área de Vigo, Entidade Menor de Bembrive, subvención ao transporte público colectivo, Becas de comedor e libros, Axudas de emerxencia, Axudas para alimentos, alugueiros e carencia enerxética, axudas ao deporte, axudas a creación e fomento do emprego, axudas a colectivos culturais....

Neste capítulo están as subvencións a actividades ou estímulo concretos e noutros casos, son transferencias de funcionamento, como é caso do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundacións, Mancomunidade, Entidade Menor de Bembrive. Pola súa importancia, a maior contía corresponde á subvención aos usuarios do Transporte urbano colectivo (TUC), que tendo en conta a condición de usuarios descoñecidos, o prezo de billete é único para todos os usuarios, e se subvenciona unha parte do custe a determinados colectivos por razóns de rendas e outras causas.





CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente 195/143

Non hai previsións de incrementos neste capítulo, polo que as pequenas variacións non serán superiores en $\pm 0,4\%$ en relación co ano 2021, sempre en termos de estados consolidados.

CAPÍTULO 5 (Fondo de Continxencia).

O Fondo de continxencia terá unha dotación de 600.000,00 euros, que será coincidente ca prevista para o ano 2021.

CAPÍTULO 6 (Investimentos reais).

Neste capítulo teñen que reflectirse os acordos asinados coa Excma. Deputación de Pontevedra, o financiamento que outorgue o MINHAC en relación cos fondos NextGenerationEU (FRTR) e o axuste que proceda dos fondos DUSI no servizo de administración electrónica e de Benestar Social.

A cobertura con financiamento propio para os empregos en investimentos reais deberá representar unha porcentaxe non inferior ao 5% dos empregos correntes non financeiros.

Ao financiamento propio, haberá que engadir o cofinanciamento doutras administracións a proxectos de investimento concretos, o que deberá representar unha porcentaxe entre o 9% e o 10% dos empregos correntes non financeiros.

Nos investimentos anuais terase en conta a anualidade prevista para facer fronte ao programa de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (DUSI) cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020, (Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro). O financiamento que lle corresponde ao Concello é o 20% e ao FEDER o 80%. Os programas vinculados ao programa son:

Servizo de Administración electrónica (OT2), para o desenvolvemento integral da administración electrónica regulada na Lei 39 e 40/2015 e na Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Área de Benestar social (OT9), con programas de integración de acordo ao plan financeiro obxectivos e liñas de actuación.

Área de Economía e Emprego (OT9).

Área de Fomento (OT4 e OT6), que abarca operacións de eficiencia enerxética, mobilidade, accesibilidade....

Tamén serán obxecto de incorporación ao orzamento, os convenios asinados até a data con outras administracións, con especial referencia á Excma. Deputación Provincial de Pontevedra.

Asi mesmo, incorporaranse as anualidades dos gastos plurianuais dos investimentos financiados con financiamento propio que tiveron o seu inicio no ano 2021 ou anteriores, que teñan vixencia no ano 2022.

Faranse os axustes anuais en función do prazo de execución dos proxectos e o seu estado de tramitación, polo que, será necesario facer os axustes de anualidades se fose caso.





CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente 195/143

En relación cos fondos NextGeneration EU (FRTR), de producirse acordos concretos na fase de formación do Proxecto do Orzamento, incorporárase ao mesmo o cofinanciamento alleo, quedando o compromiso da Entidade suxeito á modificación orzamentaria que se tramite con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería que xurda da Liquidación do ano 2021. Tamén hai que ter en conta, que algún dos proxectos que se inclúe como gasto elixible nestes fondos, xa teñen financiamento propio asociado, polo que, o compromiso do Concello quedará limitado á porcentaxe que lle corresponda deducindo o financiamento que ten adiantado. En todo caso, a teor dos prazos que se están a prever para a resolución das convocatorias das distintas conferencias sectoriais, parece pouco probable que formen parte do orzamento inicial.

O capítulo 6, de investimentos reais, deberá axustar a súa dotación ao Plan de Actuación de Inversión e Financiamento incorporado ao Orzamento do ano 2022.

CAPÍTULO 7 (Transferencias e subvencións de capital).

As transferencias de capital unha vez feito os axustes de consolidación nos termos previstos no SEC-2010 (XMU, MARCO e CONVENTION BUREAU), a dotación será a que se corresponda coa convocatoria anual de axudas aos distintos colectivos sociais e AA.VV, as axudas a novas ou melloras de instalacións deportivas e axudas para a mellora de infraestrutura de inmobles das asociacións sen ánimo de lucro.

Tendo en conta a contía reflectida no ano 2021, a variación que se produza non terá unha repercusión importante en termos porcentuais nin cuantitativamente, en todo caso, a variación será á baixa.

O peso orzamentario deste capítulo no conxunto do Orzamento é baixo.

CAPÍTULO 8 (Activos financeiros).

Están constituídos por anticipos de pagas ao persoal, coa súa contrapartida en gastos.

CAPÍTULO 9 (Pasivos financeiros).

Comprenden os pasivos financeiros correspondentes aos gastos por amortización de pasivos financeiros; devolución de depósitos e fianzas.

Este capítulo non está reflectir contía algunha despois da amortización total da débeda financeira.

MEDIDAS DO ESTADO DE INGRESOS

As Ordenanzas fiscais vixentes e as modificacións en trámite non prevén a actualización de tipos, polo que, as variacións que se produzan nos capítulos, agás do 4 e 7, serán pouco relevantes, e estarán asociadas a axustes de padróns, variacións tendenciais e axustes técnicos.





CAPÍTULO 1 (Impostos directos, IBI, IAE, IIVTNU, IVTM, Cesión IRPF).

Os impostos directos regulamentados na Orde EHA 3565/2008, son os seguintes: Imposto de Bens Inmóveis, o Imposto de Actividades Económicas, o Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica e o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana, reflectíndose neste capítulo a cesión por IRPF por estar este Concello no ámbito subxectivo previsto no artigo 111 do TRLRFL.

A variación que se terá en conta axustarase ao contido das Ordenanzas Fiscais, axustando os padróns as variacións tendenciais da conxuntura económica. En relación cos tipos aplicables aos Impostos directos, non está prevista variación en relación co ano anterior, agás as que xurdan dos axustes técnicos e os legais.

O Real Decreto Legislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, no seu artigo 4, establece que a formación e o mantemento do Catastro Inmobiliario, así como a difusión da información catastral, é de competencia exclusiva do Estado. En consecuencia, as variacións que se produzan no IBI e IBICES, te causa nas novas altas ou revisións e actualizacións dos obxectos tributarios existentes.

En canto as previsións polo IBI, BICES, IAE, IVTM, IIVTNU, a Dirección de Ingresos non prevé aumento, facendo un axuste no IAE e IVTM que ten causa na conxuntura económica.

En relación co imposto cedido polo Estado do IRPF, a súa variación estará en función da comunicación que faga o MINHAC, que a esta data non está notificada. Vaise a facer a mesma previsión que os ingresos a conta do ano 2021 proxectados ao ano completo.

CAPÍTULO 2 (Impostos indirectos, ICIO, Cesión IVE e Cesión II.EE).

Os ingresos resultantes dos impostos indirectos, Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, a variación do ICIO ten causa na actividade, tendo un previsión de variación do 20%.

Para a cesión do IVE e II.EE, manterase o mesmo criterio que o previsto para o IRPF, sempre tendo en conta as entregas a conta regularizadas, até que se achegue outra información.

CAPÍTULO 3 (Taxas, prezos públicos, ocupación de dominio público, infraccións).

Os ingresos previstos por operacións correntes procedentes de taxas, prezos públicos e outros ingresos, non teñen variación en relación co ano 2021, son axustes. A Variación máis salientable é a bonificación do EUI polos axustes que tiveron os afectados polo peche ou axustes horarios da súa activade.





CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente 195/143

CAPÍTULO 4 (Ingresos por transferencias de financiamento FCF, Fondo de Cooperación Local, Subvención a TUC, subvencións e cofinanciamento de servizos como o SAF e CEDRO).

O concepto relevante deste capítulo é o do Fondo Complementario de Financiamento.

O total de ingresos previstos no Capítulo IV por transferencias correntes, ten a súa orixe no Fondo Complementario de Financiamento (FCF) e na Participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma.

En canto aos primeiros, as previsións para o concepto de FCF, vaise a axustar aos ingresos a conta do ano 2021, proxectando os mesmos ao conxunto do ano até que se teña outra información.

A participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma farase a previsión de acordo as entregas feitas e a súa proxección ao ano completo.

En relación coa subvención para o Servizo de Axuda no Fogar ten en conta o aumento das horas de servizo que se van a prestar. A previsión estará en función das horas polo financiamento hora (429.626 horas cun cofinanciamento de 9,7 euros/hora).

Para o servizo do CEDRO mantense a contía das entregas a conta até a data.

A subvención ao transporte público colectivo urbano se prevé a mesma contía ca do ano precedente, polo tanto, tampouco será obxecto de axuste, salvo que concorra algunha modificación de tipo legal que faga necesario facer algún tipo de axuste.

Reflectirase no orzamento aquel cofinanciamento do convenio da Excma. Deputación que afecte a este capítulos, como o Marisquiño, Plan de mellora de firmes e outros, eventos deportivos e culturais.

CAPÍTULO 5 (Ingresos patrimoniais).

Os ingresos patrimoniais proveñen de rendas de inmobles e rendementos financeiros. Este capítulo foi obxecto de axustes en anos anteriores en función dos tipos de retribución dos excedentes financeiros. Tendo en conta que os tipos de retribución xa están ofertados polas entidades que se presentaron ao procedemento aberto de contratación para a selección de entidade xestora na recadación, sendo a oferta que resultou seleccionada a que ofertou 20 e 15 puntos básicos por encima do custe efectivo do Estado a 3 e 12 meses, polo que o rendemento medio non se prevé mais que 30 puntos básicos, que deberán ser aplicados á previsión que se estableza de saldos medios. En todo caso, non se prevén ingresos por retribución de saldos financeiros.

Tamén se imputarán a este capítulo, a explotación por alugueiros do Auditorio Mar de Vigo e Zonas Complementarias. Neste concepto terase en conta as condicións do contrato de prórroga e os axustes que se produciron en relación coa novación do contrato dos espazos culturais.





CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente 195/143

Faise a previsión de acordo aos contratos vixentes. Ademais, tamén se fará a preceptiva dotación no estado de gastos. De producirse algún cambio na titularidade, producirase un menor ingreso pero tamén un menor gasto.

A variación que se produce será negativa polo axuste nos ingresos patrimoniais sobre a previsión do ano anterior.

A retribución dos saldos de tesourería prevese nula.

CAPÍTULO 6 (Alleamento de Investimentos reais).

As operacións de vendas de PMS, tendo en conta que están inventariadas na XMU, corresponderá ao Organismo Autónomo o seu rexistro. En relación coa venda de bens patrimoniais que se produzan na Entidade Local, se fose o caso, rexistraranse no acto no que se produza a mesma, tramitando a preceptiva modificación orzamentaria no estado de gastos pola contía da venda.

CAPÍTULO 7 (Transferencias e Subvencións de Capital).

O Capítulo VII de Transferencias e Subvencións de Capital do Orzamento de Ingresos, ten previsto as contías que se corresponden co programa DUSI e cos convenios vixentes coa Deputación de Pontevedra en relación coa reforma de Balaídos e o novo convenio que reflicte o financiamento de novas infraestruturas.

En canto ao financiamento da Administración do Estado en relación cos fondos NextGenerationEU, so se reflectirán si o acordo se producise con anterioridade ao peche da información. Todos os acordos de cofinanciamento teñen que estar asinados entre as partes.

En relación ao Programa DUSI, rexistrarase a subvención correspondente aos empregos previstos no Estado de gastos do Orzamento.

Se se asinasen convenios de financiamento finalista con outras administracións antes de pechar a información do ano 2022, habería que incorporalos.

CAPÍTULO 8 (Activos Financeiros).

Os activos financeiros veñen reflectidos polos ingresos provenientes de anticipos de pagas a persoal, coa súa contrapartida en gastos, ambas contías son coincidentes.





CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente 195/143

CAPÍTULO 9 (Pasivos Financeiros).

Os pasivos financeiros veñen reflectidos polos ingresos provenientes de operacións de crédito concertadas pola Corporación.

Nas políticas marcadas polo goberno, non está previsto a concertación de operación de débeda no ano 2022, estando os investimento financiados na súa totalidade polo superávit orzamentario.

LG/

En Vigo, á data da sinatura electrónica

O CONCELLEIRO DELEGADO DE ORZAMENTOS E FACENDA: Jaime Aneiros Pereira
(Delegación, Resolución da Alcaldía de 18 e 26/06/2019, texto consolidado do 04/09/2020)

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/09/2021 11:54	Páxina 12 de 12
	Expediente 195/143	CSV: 2E8DAF-A64B8C-21ADC9-D6JG6F-T5PJ2D-EH	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		